

IV XORNADA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO

19 de FEBREIRO de 2022

A Delegación da FGA en Lugo co patrocinio da Deputación de Lugo, organiza a 4ª XORNADA da COPA DEPUTACIÓN DE LUGO, o **SÁBADO 19 de febreiro de 2022**, en xornada de mañá no módulo cuberto e na pista ao aire libre do **Estadio Gregorio Pérez Rivera**.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar os atletas con ficha pola F.G.A ó longo da tempada actual (2022) e que pertencen ás categorías **sub-10 ata sub-14**.

Art. 2. As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **22:00 horas do martes anterior** á celebración das probas. **Non se admitirán inscricións fora de prazo.**

Art. 3.

HORARIO PROVISIONAL

HORA	PESO	ALTURA	LONXITUDE	CARREIRAS
10:30	Sub 14 Mulleres - A	Sub 14 Homes	Sub 12 Homes - A	50 ml sub-10 Mulleres
10:50				50 ml sub-10 Homes
11:00			Sub 12 Homes - B	
11:10	Sub 14 Homes - A			
11:15				60 ml sub-12 Mulleres
11:25		Sub 14 Mulleres		
11:30			Sub 12 Mulleres - A	
11:35				60 ml sub-12 Homes
11:50	Sub 10 Mulleres - A			
11:55				60 ml sub-14 Mulleres
12:00			Sub 12 Mulleres - B	
12:15				60 ml sub-14 Homes
12:20	Sub 10 Mulleres - B	Sub 12 Homes		
12:30			Sub 12 Mulleres - C	
12:40				60 mv sub-14 Mulleres
12:55				60 mv sub-14 Homes
13:00			Sub 10 Homes - A	
13:15		Sub 12 Mulleres		1000m sub-10 Mulleres
13:30			Sub 10 Homes - B	500m sub-10 Mulleres
13:45				500m sub-10 Homes
14:00			Sub 10 Homes - C	1000m sub-10 Homes

Art. 4. Participación:

- Só se permite a participación en 2 probas por atleta.
- Nos concursos os participantes terán 3 tentativas.
- **Terán preferencia os atletas pertencentes á provincia de Lugo.**
- En caso que as inscricións superen o número de prazas dispoñibles o criterio para facer a selección será o de mellores marcas, e entre os atletas sen marca realizarase un sorteo.
- As carreiras de 500-1000m serán con cronometraxe manual.
- Na proba de salto lonxitude a táboa situarase a 1m.

PROBA	CADENCIA
SALTO ALTURA sub-12	1.00-05-10-14-18-21-24-27-30...
SALTO ALTURA sub-14	1.00-05-10-15-20-24-28-31-34...

Art. 5. Nas probas de carreiras indicárase a mellor marca. Aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Art. 6. A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu clube. Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o atleta inscrito non participa finalmente na proba a sanción será de 5€ e non poderá participar na seguinte competición organizada nesta Delegación.
- Todas as baixas comunicadas con posterioridade ao xoves ás 13:59h darán lugar á tramitación da correspondente sanción segundo a normativa xeral da FGA (3€) agás no caso de lesión, enfermidade ou confinamento que deberá acreditarse co xustificante facultativo correspondente enviado ata 24h despois da celebración da proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6€ por atleta con datos falsos)

Art. 7. Os atletas retirarán o seu dorsal no control de acceso xunto coa declaración responsable

Art. 8. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art. 9. O acceso á instalación será restrinxido e controlado. Na pista ao aire libre abriráse a entrada ata completar o aforo da instalación.

O acceso ao módulo cuberto será restrinxido, poderá acceder un adestrador por cada 10 atletas inscritos de cada clube. Para solicitar o acceso deberán cubrir o formulario habilitado ao efecto no sitio web <https://www.atletismo.gal>. ata o venres ás 22h.

Art. 10. Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art. 11. Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

En Lugo, a 4 de febreiro de 2022

O Delegado en Lugo da F.G.A.

PATROCINA:



ORGANIZA:



COLABORA:

